

**RESOLUCIÓN DO PRESIDENTE DO CONSELLO REITOR DA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS POLA QUE SE ADXUDICAN AS SUBVENCIÓNS A FESTIVAIS DE ARTES ESCÉNICAS AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 15 DE ABRIL DE 2021, POLA QUE SE APROBAN AS BASES DE SUBVENCIÓNS A FESTIVAIS DE ARTES ESCÉNICAS E SE CONVOCAN PARA O ANO 2021.**

Unha vez vista a acta da comisión avaliadora, co día 27 de xullo de 2021, así como a proposta de resolución elevada polo director da Agadic, do 29 de xullo de 2021, e de conformidade coas bases da convocatoria, o presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, como órgano competente para a resolución da convocatoria Resolución do 15 de abril de 2021, pola que se aproban as bases de subvencións a festivais de artes escénicas e se convocan para o ano 2021.

**RESOLVE**

1. Que acaden a condición de proxectos subvencionados os relacionados a continuación, e nas contías establecidas na proposta de resolución do director da Agadic, de conformidade co informe da comisión de avaliación e cos criterios aprobados nas bases reguladoras da Resolución do 15 de abril de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a festivais de artes escénicas e se convocan para o ano 2021, que queden desestimados os que non superan os mínimos establecidos na convocatoria, de 50 puntos en total.



<u>ENTIDADE SOLICITANTE</u>	<u>FESTIVAL</u>	PUNTOS	CONTÍA ADXUDICADA
Asociación Cultural Xiria	XXXVIII Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas 2021	81,00	40 373,54 €
Asociación Cultural Telón e Aparte	30 Festival Internacional de Outono de Teatro (Fiot)	79,99	42 119,48 €
Asociación Cultural Barriga Verde	XXVI Festival Internacional Galicreques 2021	76,50	32 074,53 €
Padroado da Cultura do Concello de Narón	Singular. VI Festival do Monólogo Teatral	71,83	8.971,90 €
Culturactiva SCOOP Galega	Festaclown Vilagarcía 2021	63,00	15 380,25 €
Sarabela, SL	Fito 2021	61,26	20 385,87 €
Concello de Cariño	Mostra de Teatro	59,67	21 334,64 €
Asociación Traspediante Cultura	Festival Corpo (a) Terra 2021	58,75	9.490,70 €
Asoc. Xente Titiriteira	XXII Festival Int de Títeres de Redondela	57,00	9.869,09 €
Asociación Cultural Fetega	Festival do Teatro Galego Celso Parada	47,66	-----
Concello de Laracha	Festival do Humor	45,51	-----

2. A presente resolución de concesión de subvencións pon fin á vía administrativa, consonte á Lei 4/2008 do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e contra dela poderanse interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante a Presidencia do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da notificación ou publicación



da resolución. (Arts. 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación ou publicación da resolución. (Art. 46 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa).

3. Notifíqueseles a presente resolución aos interesados, de conformidade co establecido na Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais

Román Rodríguez González

